

Como desenvolvemento do acordo da Xunta de Goberno do pasado 16 de xuño de 1998, que autorizaba a alumnos con materias extintas poder matricularse das súas equivalentes do plano renovado dictouse unha instrucción do Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións de data 7 de setembro de 1998 na que se regula o procedemento desta matrícula.

O punto cuarto da instrucción informa do momento no que deberá imputarse a cualificación e de cando a materia do plano a extinguir se considera superada, pero non se establece a cualificación que corresponde imputar cando a materia do plano vello sexa equivalente a varias do novo ou á inversa.

Polo que para completar estes extremos e unificar a actuación nos expedientes dos alumnos dictase a seguinte

INSTRUCCIÓN

Primeiro.- A cualificación que se imputará cando unha materia do plano vello sexa equivalente a varias do plano renovado será a que resulte de realizar o cálculo segundo o que establece o apartado 44 das normas de xestión académica.

Segundo.- Cando varias materias do plano vello correspondan a unha do plano renovado a cada materia do plano vello corresponderá a cualificación obtida na materia do plano renovado.


Terceiro.- O cálculo das cualificacións a que se refire os puntos anteriores realizarase segundo o establecido no apartado 17.3.1 das normas de xestión académica. No Caso de decimais redondearase ó número enteiro máis próximo, e no caso de que o decimal sexa a metade o número enteiro será o inmediato superior.

Cuarto.- No expedientes dos alumnos (certificacións oficiais, persoais e expedientes informáticos) deberá incluírse unha dilixencia co seguinte texto:

“Dilixencia para facer constar que as cualificacións das materias ————— correspóndese co establecido na instrucción de Secretaría Xeral do 10 de novembro de 1998 en desenvolvemento do acordo de Xunta de Goberno do 16 de xuño de 1998”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 1998

O SECRETARIO XERAL



[Handwritten signature]
Gumersindo Guinarte Cabada

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. DIRECTOR DO COIE, SRS./A XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.